

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En vista da proposta de substitución da asesora especialista Sara Pino Ramos, por atoparse ausente, por outro asesor especialista que formula o Tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na Escala Técnica de Técnico/a en Igualdade, subgrupo C1, da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución de 5 de xuño de 2024 (DOG de 17 de xuño de 2024), para colaborar con este tribunal.

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Substituír a Sara Pino Ramos, nomeada por Resolución do 05/03/2025, e nomear asesor do devandito tribunal a **Xesús Manuel Mosquera Carregal**, técnico de Normalización Lingüística, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

Mª Jesús Grela Barreiro